



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA CATRO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (30/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás nove horas e dez minutos do día vinte e oito de agosto de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, alcalde en funcións, por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día.

Actúa como Secretaria, D.^a Ana Ramos Ramos, secretaria en réxime de acumulación.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 28 de agosto de 2025
2. Prórroga de licenza para tenencia de animais potencialmente perigosos
3. Aprobación da relación de facturas núm. 039XOK/2025
4. Aprobación da relación de facturas núm. 040XRRSE/2025 con AD
5. Aprobación da relación de facturas núm. 041XRRSU/2025
6. Aprobación da relación de facturas núm. 042XRRSE/2025
7. Aprobación da relación de facturas núm. 043XREC5SE/2025

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 28 DE AGOSTO DE 2025

Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 28 de agosto de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección por UNANIMIDADE dos presentes.

2. PRÓRROGA DE LICENZA PARA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

A Sr. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, xunto coa documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Sesión XGL do día 4 de setembro de 2025

2.- PRÓRROGA DE LICENZA PARA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

Logo de ver a solicitude presentada pola persoa que responde as iniciais N.S.S. de prórroga de licenza para a tenencia de animais potencialmente perigosos correspondente ao expediente administrativo TEDEC 2025/X003/000001, e a documentación que a acompaña, presentada en data 12 de agosto de 2025, con número de Rexistro de Entrada 202500000000487.

Tendo en conta os seguintes antecedentes:

A persoa que responde as iniciais N.S.S., con DNI ***8446** e con domicilio no lugar de Piñeiro nº 3 – San Bartolomé - Queixeiro, Monfero - A Coruña, solicitou a licenza administrativa para a tenencia de animais potencialmente perigosos (exp TEDEC 2019/X003/000001) en data 28 de novembro de 2019.

A Xunta de Goberno Local deste Concello de Monfero, con data 11 de decembro de 2019, acordou concederlle licenza administrativa para a posesión de animais potencialmente perigosos, cun período de validez de cinco anos, que podería renovarse por períodos sucesivos de igual duración e que, así mesmo, en data 22 de xaneiro de 2020, a Xunta de Goberno Local, acordou inscribir ao animal no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos cos seguinte datos:

Número de inscrición: RMAPPM-15050-001-2020

Propietario: D.^a Noemí Seijo Souto

DNI: ***8446**

Domicilio: Piñeiro 3-San Bartolomé, Queixeiro, Monfero

Nome do can: Cusca

Raza: American Stanford Terrier

Data de nacemento: 06-06-2019

Cor: Branco e negro

Lugar de residencia: Monfero

Microchip: 941000024712870



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Transcorrido o citado período de cinco anos, visto o informe técnico do Negociado de Urbanismo obrante no expediente e considerando que:

1.- O solicitante cumpre cos requisitos establecidos na lexislación vixente, (art. 3 do Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, art. 17 da Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia e a recente Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais).

2.- Que acredita os requisitos esixidos no art. 3.1. do citado Real decreto 287/2002 e, achega, xunto coa solicitude de Licencia, a seguinte documentación:

- a) Certificado de antecedentes penais
- b) Certificado de antecedentes por infraccións administrativas á Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos.
- c) Certificados de capacidade física e de aptitude psicolóxica.
- d) Acreditación de ter formalizado un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros cunha cobertura non inferior a cento vinte mil euros.

Tendo en conta que a solicitude de prórroga de licenza, coa documentación que se achega, está completa e na tramitación dos expedientes observáronse as prescricións legais aplicábeis, **propóñolle á Xunta de Goberno local**, a adopción dos seguintes acordos:

1.- Prorrogarlle á persoa que responde as iniciais N.S.S. a licenza administrativa para a posesión de animais potencialmente perigosos, que terá unha validez de 5 anos, de acordo co apartado 3.º do citado art. 3 do Real decreto 287/2002 de marzo. Segundo este mesmo apartado, a licenza poderá ser renovada por períodos sucesivos de igual duración; no entanto, perderá a súa vixencia no momento en que o titular deixe de cumprir calquera dos requisitos esixidos para o seu outorgamento.

A concesión da prórroga da indicada licenza administrativa obriga ao estrito cumprimento das medidas de seguridade esixidas no reiterado Real decreto 287/2002, e responsabiliza ao seu titular do incumprimento de calquera delas.

2.- Notificarlle o presente acordo de concesión da devandita prórroga da licenza ao interesado.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo, (Asinado dixitalmente)”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta.

3. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 039XOK/2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A secretaria da lectura á proposta da alcaldía que obra no expediente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 39XOK/2025 e o informe favorable da Intervención municipal que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que consta acreditado no expediente que están realizadas e en beneficio e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos gastos que contén a relación de facturas que se indica a continuación, aos que se lle presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	39XOK/2025
Importe total	76.880,76€
Número de facturas e gastos que contén	11
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2025/1271
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2025/1681

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Aberto o turno de debate e sen intervencións sométese o asunto a votación resultando a proposta aprobada por UNANIMIDADE dos presentes, en todos os seus termos.

4. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 040XRRSE/2025 CON AD

A secretaria da lectura á proposta da alcaldía que obra no expediente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as factura incluídas na relación delas n.º 40XRRSE/2025, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Informa que con data 03/09/2025 mediante resolución da Alcaldía nº 274/2025 queda levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención.

TERCEIRO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	40XRRSE/2025 CON AD
Importe total	32.096,93€
Número de facturas e gastos que contén	4
Número do Rexistro da primeira factura	F/2025/1502
Número do Rexistro da última factura	F/2025/1730

CUARTO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Aberto o turno de debate e sen intervencións sométese o asunto a votación resultando a proposta aprobada por UNANIMIDADE dos presentes, en todos os seus termos.

5. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 041XRRSU/2025

A secretaria da lectura á proposta da alcaldía que obra no expediente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de examinar as factura incluídas na relación delas n.º 041XRRSU/2025, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Informa que con data 03/09/2025 mediante resolución da Alcaldía nº 271/2025 queda levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención.

TERCEIRO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	041XRRSU/2025
Importe total	21.632,78€
Número de facturas e gastos que contén	7
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2025/642
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2025/1719

CUARTO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Aberto o turno de debate e sen intervencións sométese o asunto a votación resultando a proposta aprobada por UNANIMIDADE dos presentes, en todos os seus termos.

6. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 042XRRSE/2025

A secretaria da lectura á proposta da alcaldía que obra no expediente:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as factura incluídas na relación delas n.º 42XRRSE/2025, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO- Informa que con data 03/09/2025 mediante resolución da Alcaldía nº 270/2025 queda levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención.

TERCEIRO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido, entendendo con isto levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención polas razóns de interese público expostas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	042XRRSE/2025
Importe total	35.675,78€
Número de facturas e gastos que contén	7
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2025/1469
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2025/1745

CUARTO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde en funcións,Alberto Cortizas Rejo”

Aberto o turno de debate e sen intervencións sométese o asunto a votación resultando a proposta aprobada por UNANIMIDADE dos presentes, en todos os seus termos.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

7. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 043XREC5SE/2025

A secretaria da lectura á proposta da alcaldía que obra no expediente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 043XREC5SE/2025, que deseguido se describe na parte dispositiva, ás que se refire o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 5-2025, así como os informes de Secretaría e de Intervención que figuran nel e que, como a citada relación, constan asinados no correspondente expediente electrónico, emitido este último en cumprimento do disposto polo artigo 215 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e polo artigo 14.1, en relación co 12.1, do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.

Considerando acreditado que os servizos aos que se refiren foron realizados de conformidade e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, o que os xustifica de maneira motivada en todos os casos, que se dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, que descoñecía a necesidade de fiscalización previa, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facerlle fronte a obriga de pagamento, nin ocasionar o enriquecemento inxusto do Concello por incumprir a obriga ao seu cargo, nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa e que, polo tanto, concorren razóns de interese público que aconsellan non acudir á vía da revisión de oficio polos graves prexuízos que iso podería causar para o terceiro que actúa de boa fe, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que todos os contratos aos que se refire este expediente son necesarios para prestar á veciñanza os diferentes servizos de competencia municipal aos que se refiren e que, polo tanto, os xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos límites para consideralos como menores aos que se refire a normativa vixente de aplicación, cando é o caso.

SEGUNDO.- Informa que con data 03/09/2025 mediante resolución da Alcaldía nº 275/2025 queda levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención.

TERCEIRO.- Coñecer e resolver a omisión de fiscalización acontecida, continuar coa tramitación do procedemento, aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 5-2025 e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondentes aos gastos realizados no exercicio anterior e liquidar as cantidades a satisfacer derivadas das prestacións que se inclúen na relación de facturas que consta no devandito expediente e que se integran no anexo que se reflicte



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

deseguido, e acumular nun só acto as tres fases de execución do gasto ás que se refire o art. 67.1.b) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, gastos aos que presto aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos ditos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

Relación de facturas 043XREC5SE/2025, cun importe de 2.541,00€, integrada pola 1 factura n.º 24 00348, de data 28/08/2024, de Canarga S.L,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Aberto o turno de debate e sen intervencións sométese o asunto a votación resultando a proposta aprobada por UNANIMIDADE dos presentes, en todos os seus termos.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás nove horas e corenta e oito minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, certifícoo.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.ª Ana Ramos Ramos